

VI.- CONSECUENCIAS DO IMPERIALISMO

A presenza dos europeos nos territorios conquistados supuxo un **gran impacto** demográfico, económico, social e cultural que trastornou a vida dos pobos indíxenas.

► A nivel demográfico:

- Na fase inicial da colonización, **a poboación autóctona viuse reducida** debido ás políticas de persecución dos indíxenas, como sucedeu nos casos de Australia ou Nova Zelandia, onde os aboríxenes foron practicamente exterminados.

- A aplicación dos avances da medicina occidental e o establecemento dunha mínima infraestrutura sanitaria permitiu limitar os efectos das enfermidades tropicais, o que favoreceu o **descenso das taxas de mortalidade**. Pero en moitos lugares o **aumento da poboación rompeu o equilibrio poboación-recursos**, producíndose problemas de abastecemento de alimentos que deron lugar a unha situación de subalimentación crónica, especialmente en África.



A introdución de medidas hixiénicas, a construción de hospitais, as campañas de vacinación... permitiron a redución das epidemias. Pero esas melloras non chegaron a toda a poboación indíxena por igual!!


? 32.- Cales foron as consecuencias **demográficas** da colonización?

► A expansión imperialista provocou o **dominio económico dos territorios colonizados por parte das metrópolis industrializadas**.

• Expropiación de terras indíxenas que pasaron a mans dos colonizadores. Nesas terras abandonáronse os cultivos tradicionais que aseguraban a subsistencia das familias indíxenas e potenciouse o monocultivo orientado á exportación: as **plantacións**, que respondían ás necesidades dos países colonizadores de obter produtos tropicais como cacao, café, algodón, caucho... A poboación nativa proporcionaba man de obra e, en moitos casos, era maltratada e sometida a situacións próximas á escravitude.

• O investimento de capitais procedentes da metrópole na **construción das infraestruturas** necesarias (estradas, ferrocarrís, portos) nas colonias realizouse **para facilitar a explotación** dos produtos que interesaban ao país colonizador, xa fosen produtos agrícolas, como para explotar a riqueza de minerais do subsolo (ouro, carbón, diamantes...).

• A **organización de relacións comerciais** baixo un réxime de **monopolio** obrigaba ás colonias a vender as súas materias primas a baixo prezo e comprar os produtos fabricados nas respectivas metrópolis, impedindo así o seu propio desenvolvemento industrial.




? 33.- Comenta as consecuencias **económicas** da colonización?

► **A nivel sociocultural** produciuse a **destrución** das formas de organización social (papel dos anciáns e dos líderes tribais, tipo de familia...), a cultura e as crenzas das poboacións dominadas. A difusión da ensinanza occidental contribuiu á extensión da lingua, mentres que os misioneiros difundían o cristianismo. A imposición da cultura occidental, das crenzas e da forma de vida europea deu lugar a un fenómeno que se coñece co nome de **aculturación**, que foi especialmente importante en África, pois en Asia, as importantes culturas chinesa e india resistiron mellor a colonización cultural.



O reparto territorial deseñou **fronteiras artificiais** que non tiveron en conta diferenzas tribais, lingüísticas ou relixiosas e que forzaron a unión ou a separación de grupos étnicos e a convivencia de pobos enfrontados entre si. Este feito **provocou conflitos étnicos e relixiosos**, que en ocasións perduran hoxe en día.




? 34.- Que **efectos negativos** tivo o Imperialismo na **cultura e sociedade** dos pobos colonizados?




VI.- CONSECUENCIAS DO IMPERIALISMO

- ? 32.- Cales foron as consecuencias **demográficas** da colonización?
- o 33.- Comenta as consecuencias **económicas** da colonización?
- 34.- Que **efectos negativos** tivo o Imperialismo na **cultura** e **sociedade** dos pobos colonizados?



As consecuencias da colonización foron, en xeral, positivas para os intereses industriais e comerciais das potencias colonizadoras, pero negativas para as sociedades dominadas: guerras de conquista, masacres, desprezo cultural e étnico, alteración das fronteiras tribais e culturais, materias primas e man de obra explotadas brutalmente, desenvolvemento económico en beneficio exclusivo da metrópole...

A poboación occidental ocupaba os principais cargos e controlaba a economía: eran os altos mandos da administración e o exército, os grandes propietarios agrícolas e os representantes e directivos das grandes empresas. A poboación branca vivía en Barrios luxosos, apartados do resto da poboación. Os nativos vivían nunha situación xeralizada de pobreza e falta de dereitos, coa excepción da minoría que colaboraba cos colonizadores.





? 35.- Le atentamente o texto e **contesta** ás cuestións:

Jules Ferry, político francés que chegou a ocupar importantes cargos de goberno, entre eles o de Ministro de Asuntos Exteriores e o de Presidente do Consello de Ministros, dirixiu un **discurso á Camara de Deputados francesa o día 28 de xullo de 1885**:



“... Dende o punto de vista económico: por que as colonias? (...) As colonias son, para os países ricos, un investimento de capitais dos máis vantaxosos (...) Dígovos que Francia, que sempre disfrutou de grandes capitais e exportou cantidades considerables destes ao estranxeiro (...), ten interese en considerar este aspecto da cuestión colonial.

Pero, señores, hai outro aspecto máis importante desta cuestión, que supera con moito ao que acabo de tratar. (...). Dende este punto de vista, repito, a fundación dunha colonia, é a creación dun mercado (...).

(...) Eu afirmo que a política colonial de Francia (...) está inspirada nunha verdade sobre a que é preciso reclamar, por un momento, a vosa atención, a saber: que unha mariña como a nosa non pode pasearse pola superficie dos mares sen sólidos refuxios, defensas, centros de avituallamento (...).

As nacións, nos tempos que vivimos, non son grandes máis que pola actividade que desenvolven (...). Exercer unha influencia sen actuar, sen mezclarse nos asuntos do mundo, manténdose afastada de todas as alianzas europeas, considerando como unha trampa, como unha aventura toda expansión cara a África ou cara a Oriente, vivir deste xeito, créedeme, é abdicar”.





- a) Con que **nome** se coñece a época da expansión dos países máis desenvolvidos cara a outros territorios na que se sitúa o texto? Entre que **anos** se desenvolve?
- b) Que importante **conferencia internacional** tivo lugar en 1885? Cal era o seu **obxectivo**? Que **países** participaron nela? Cales foron os principais **acordos** tomados?
- c) Indica que **causas** ou factores do Imperialismo aparecen reflectidos no texto, **localízalos** no documento e **explica** cada un deles.
- d) **Comenta outros posibles motivos** do Imperialismo que non estean sinalados no texto.

